

Don Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12 de xullo de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Dar conta da oferta presentada pola empresa, PLAY PLAN CULTURAL S.L.U. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do festival SONRIAS BAIXAS 2024 (Expte.- 2024029403).*

Por Resolución Presidencial RP2024005276, de data 21 de xuño de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do festival SONRIAS BAIXAS 2024, cun valor máximo estimado de 49.610 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (B94168705), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (B94168705) presentou a correspondente proposición o 27 de xuño do 2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	41.000 €
IVE (21 %)	8.610 €
Importe ofertado con IVE	49.610 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (B94168705), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do festival SONRIAS BAIXAS 2024.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

